



A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 7 de xullo de 2014, **CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, dos medicamentos considerado de alto impacto, sanitario, social e económico:

IPILIMUMAB

na seguinte indicación:

Tratamento do melanoma avanzado (irreseccable ou metastásico) estadio III ou IV que progresaron (ou no toleran) pese a ter recibido un tratamento anterior con calquera dos medicamentos utilizados na primeira liña.

Para obter a máxima eficiencia, o seu uso debe restrinxirse a aqueles pacientes adultos con melanoma avanzado que estean en condicións de recibir o réxime de indución completo (4 doses) na medida do posible, recomendándose para elo que cumpran os seguintes criterios:

- 1- Esperanza de vida do paciente de alo menos 4 meses
- 2- ECOG: 0-1
- 3- Valoración da presenza de outras comorbilidades, (deberían excluírse os pacientes con alteracións relevantes da función hematolóxica, hepática e renal)

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2014

O PRESIDENTE DA COMISIÓN AUTONÓMICA CENTRAL DE FARMACIA E TERAPÉUTICA

D. Félix Rubial Bernardez

COMISIÓNS DE FARMACIA E TERAPÉUTICA DOS CENTROS HOSPITALARIOS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

